

# Olimpita de FOZ cumple 100 ANOS



Sempré  
en Foz!

No seu primeiro centenario,  
Foz honrá á cantora que  
“sorbió de Foz la inspiración más pura”  
para ser parte da historia do noso pobo.

Canillas (Logroño), 30/05/1924 – Narón, 07/05/2021 – Foz, 30/05/2024

**EGERIA**




Concello  
de Foz

# OLIMPIA PÉREZ GÓMEZ

## unha muller para a historia

Naceu o 30 de maio de 1924 en Canillas (Logroño), filla de pai cubano e nai galega. Orfa de nai chega a Foz aos 17 anos co seu pai, Manuel Pérez Domínguez, médico coñecido como don Manuel da Congostá, por residiir nesa rúa. Xunto con eles veu súa irmá Juanita, e súa tía, Marina Pérez Domínguez, que fixo de nai das rapazas.




Necrología: Don Manuel Pérez Domínguez, médico de Foz, padre de Olimpia Pérez Gómez.

Despois de estudar en A Coruña, en 1948, por oposición, consegue praza de funcionaria no Concello de Foz, onde traballou durante 42 anos, tendo ao seu cargo os temas de turismo, que a apaixonaban, e desempeñou de xeito moi notable.

B.O.P., 25/02/1955


En 1954 morre seu pai aos 66 anos. Era Médico no Concello de Foz.



El Progreso, 50 anos despois, 12/09/2004

Os últimos anos residiu en Narón cuns familiares. Faleceu o 7 de maio de 2021 cando ía cumplir 97 anos.

Olimpia, no seu despacho do Concello



Prueba do seu dominio do inglés é a anécdota que conta Xesús de Bréogán (El Progreso, 13/05/2021): Proclamada Miss Galicia a focega Elviriña López Neira en 1970, marcha para Cádiz ao concurso de Miss España. Un rapaz inglés ve a Elviriña na TV e ten un tremendo frenetismo amoroso. Consegue o seu enderezo en Foz, e escribelle unha carta en inglés. Elviriña recorre a Olimpita, a cal moi pícará respondelle en inglés ao rapaz, e así, carta vai e carta vén, e como moi ben rezoa Elviriña, "que sei eu o que Olimpita lle escribía? Eu nada entendía!". O caso é que o inglés quería vir a Foz para coñecer en persoa a Elviriña, pero ai! Elviriña rexeita seguir con tal burla e coméntalle a Olimpita de non volver responder e así se fixo.

# 3 OLIMPIA e FOZ

O que foi Cronista oficial de Foz, Suso Fernández, dixo de Olimpia que era "culta, sensible, romántica, namorada da vida" e que "cantou a Foz con voz vibrante de amor e entusiasmo..."



Olimpia afirmaba que ela via "Foz, fulgiendo en el corazón de su bahía, placentero y prometedor", porque "Foz es un lugar que emana belleza". Tiña poética expresión para xustificar o seu amor por Foz: "Afrodita con su espuma me embrujó en este mar hermoso, cuando aquí me arrojó una noche de luna".

Foz foi o seu maior amor e a súa principal fonte de inspiración.

## Canto a Foz

Culminando las mil playas  
de nuestra costa lucense  
surge Foz como un suspense  
entre blancas atalayas.  
Es como magnolia abierta  
de nacarados reflejos  
que en terciopelos añejos  
el encanto nuevo inserta,  
aliando su fulgor  
con el brío de su vuelo,  
la fecundidad del suelo  
y del mar el resplendor.  
Se alza en minúsculo Faro  
como presencia de luz  
que en el alerta testuz  
al pescador presta amparo.  
Tiene jardines tranquilos  
que aromatizan las algas  
y sus gentes son hidalgas  
¿Y su fantástico Asilo?

En su regazo de olas  
sin bostezos duerme el viento  
y aviva su sentimiento  
arropado entre amapolas.  
Es el campo una esmeralda  
y rival el glauco mar  
que bajo el beso lunar  
puntual mareá enfalda.  
La dorada suavidad  
de sus playas de marfil  
pule el sosegado anil  
de ondulada inmensidad.  
Este es el Foz que campea  
en una irisada orilla  
orla si, ¡de maravilla!  
que sueña, trabaja y creá,  
brindando a todos su amor  
paz, delicia y bienestar.  
¡Quien aquí viene a soñar  
se convierte en ruisenor".

Olimpita  
de FOZ  
cumple 100 AÑOS



# 4 A POESÍA NA SÚA VIDA




Se ben escribiu poesía desde moi nova, foi nos anos cincuenta cando -di Suso Fernández- "se produciría a explosión da súa vea poética, estimulada por un feito adverso que a afectou fondamente".

Tivo unha grande amiga cubana, Melva Diéquez, que morreu na catástrofe do avión Estrella de Oriente que, en decembro de 1952, cando realizaba o voo Madrid-La Habana, se precipitou ao mar nas Bermudas. Dos 37 mortos, 14 eran españoles.

Impactada pola morte da amiga, publicou o poema "Tragedia", que viu a luz no xornal La Correspondencia, de Cienfuegos (Cuba). Moito tempo despois lembraría: "En vez de dar un pésame, me salió una poesía de dolor".

## Temperamento poético

En El Progreso (02/04/1953), desde Foz informase de que "en el corazón de las Mariñas" ha surgido "un temperamento poético": "Olimpia Pérez Gómez, de espíritu inquieto y aventurero, ha dado los primeros pasos en el arte espinoso de la versificación con una firmeza y seguridad dignas del más caluroso aplauso. Creemos poder afirmar que posee todos los elementos necesarios para situarse en la meta de los elegidos. Sabe imprimir a sus versos esa nota incisiva tan difícil de conseguir, y con su fluidez parece llevarnos de nuevo hacia lo clásico".



## Porque nací poeta

Por nacer poeta con cascabeles río  
porque nací poeta con sangre illo  
y me apiado del ser que, trás el ojo,  
su existencia consume en desvarío.

Como siento en poeta  
en todo me extasio  
y penetro sutílmente en lo que ignoro  
y, aún sufriendo, protejo mi tesoro  
cuya meta eres tú siempre, Dios mío!



¿Como podría aceptar tanta locura  
que fomenta este siglo que agoniza  
cuando llevo en el alma tu dolor?

¡No más drogas, ni vicios,  
que es tortura!  
Que la vida es hermosa y cristaliza  
cuando fecio y fecundo es el amor.



Olimpita  
de Foz  
cumple 100 AÑOS

5

# ÁMBITO LITERARIO

En prosa ou en verso ten publicado innumerábeis traballoos nos máis diversos medios de comunicación do seu tempo

En Foz, publicou en “A Rapadoirá” (1962-1963), “Rompeolas”, do Club Náutico, nos llibros-programas de festas desde 1954 en diante, vendo a luz os últimos traballoos no do ano 2010, e na “Escolma Poética. Foz”, editada en libro en 1991 por A Pomba do Arco e o Concello de Foz, ao que Olimpia achegou catro poesías.

En Galicia, publicou en El Progreso (Lugo), El Faro de Vigo, La Comarca del Eo (Ribadeo), Las Riberás del Eo (Ribadeo) e El Heraldo de Viveiro.

En Madrid colaborou en “Gaceta médica española” (1970-1971), sendo a única muller que publicou neste voceiro do Colexio de Médicos de España. En Vilanova y La Geltrú, colaborou en “La Rambla”, anos 1994 e 1995.

E fóra de España publicou en Costa Rica (revista ZENITH), Brasil (JORNAL DE POESIA, de Recife), Uruguay (SUPERACIÓN) e Cuba (Diario de la Marina, Ecos de España, La Correspondencia e Faro Hispánico)

En Foz houbo, a mediados do pasado século, unha emisoría de radio. Obra de Leopoldo Carrasco e dirixida por Cesar Rodríguez (Cesarín), nela colaboraban Pepita Pedreira, Luís Cordeiro, Jhonni, Lolita Beltrán, Suso Fernández... Este recorda que “dende o microfono espallaba os seus versos a histórica poeta focega Olimpia Pérez”.



Olimpia, na Coruña. Agosto de 1955

Paiá cantar naciste... es tu destino  
y sonriendo y cantando surge el verso  
que es resumen, en entidad de trino  
que deviene en azul de tu Universo.


Jorge Rivas  
(Santiago de los Caballeros - Rep. Dominicana)

**EGERIA**




Concello  
de Foz


# 6 FOZ EN EL RECUERDO



Este é o título do seu libro de poemas publicado en 1998, que foi presentado na Feira do Libro de Foz por Suso Fernández.



La poeta Olimpia Pérez presentó ayer su obra como un «canto» a la villa



GABRIEL TIEÓN  
Olimpia Pérez explica que el libro es un canto a Foz

A los ocho de la tarde de ayer Olimpia Pérez presentó su libro *Foz en el recuerdo* en el marco de la feria del libro que desarrolla su duodécima edición en Foz.

La poeta nació en Logroño en el año 1924. En 1941 trasladó su lugar de residencia a Foz en cuya ayuntamiento trabajó de técnico administrativo y docente, la poesía siempre fue un hobby pero la critica la cataloga como una poetisa lírica. Se siente muy querida por el pueblo focense y declara: «Formo parte de la historia de Foz».

Este es su primer libro. Ha colaborado con más de treinta revistas y locales. Empieza a escribir en La Republika de Foz. Ha colaborado con revistas locales de A Mariña como Riveras de Leiro en Ribadeo o El Heraldo de Viveiro. A nivel internacional ha escrito en muchos periódicos y revistas. Por nombrar alguno: Diario de la Marina y Ecos de España

de la Habana y La revista Cenit de Costa Rica.

De su obra *Foz en el recuerdo*, libro de poesía lírica escrita en gallego, apunta que «es un canto a Foz porque es un lugar que emana belleza». Es una recopilación de las vivencias de los focenses.

Leva un prólogo en verso de Cesar Michelena Rebellón, que sintetiza á perfección o contido, plenamente focego, plenamente amoroso:

Sorbió de Foz la inspiración más pura  
con la fuerte impresión de tal belleza,  
supo captar de su Naturaleza  
el último sabor de su hermosura.

Parte esencial é este poema de 1961, que leu na inauguración da Biblioteca Municipal de Foz.

## Pujanza

Deja Foz que te dé un beso:  
ayer erás sólo bruma  
y hoy se grába con espuma  
la huella de tu progreso.  
Ya has visto crecer las flores  
con insólito rubor  
entre destellos de amor  
de tus ríos pescadores.  
Viste ensanchar tus arterias  
con el ansia de vencer  
y en sana ley socorrer  
con tu puerto, las miserias.  
Tienes fontanas que inflaman  
de vida tu corazón  
e infundes noble ambición  
a los que por ti se afanan  
de hacerte fuerte y hermoso

alegría y acogedor  
entre el canto seductor  
de tu mar tan armonioso.  
Diste caricia y abrigo  
a esos Centros de enseñanza  
donde con tierna esperanza  
se sazona el fértil "trigo".

.....  
Estrenaste Biblioteca  
¿te das cuenta, Foz amado?  
Culto serás e ilustrado  
y nutrirás al atleta.  
Y al niño con savia pura;  
y el artista gozará  
¡Por fin! Con paz celestial  
las mieles de su "finura".

Olimpita  
de FOZ  
cumple 100 ANOS

# 7 ALALÁ DE FOZ DO MASMA



Olimpia, na imaxe máis divulgada da poeta

I  
Si récolles polo Masma  
unha pola de ameneiro,  
entré as follas toparás  
o asubio do merlo  
no alentare dos louréiros

II  
Olas que me trouxeron  
cabo do faro  
¡Ai sempre agarimosas  
dádeme amparo!  
Teño en Foz arredores  
que me namorán  
e pombiñas no peito  
voa que voa.

III  
¡Como te lembro Fróixeira  
non esquenceréi xamais  
que polo Masma na beira  
dinche un biquiño no mar.  
Cantai, cantai mariñeiros  
con voso meigo falar  
que pra min sodes xilgueiros  
que dan a ialma ao cantar.

Escrito no 1964, foi musicado por Félix Canoura, oriundo de San Acisclo, violín segundo da Sinfónica de Buenos Aires. Lembra a autora as romaxes polo Rio Masma, "orgullo y tesoro recóndito".

El Progreso, 10/08/1963




IV  
Si de nacié son as conchas  
das Aréourás de Llás,  
tesouros ten o Curbelo  
se corázón feiticeiro  
late que late no mar.

V  
Teño as redes bermellas  
dos mariñeiros  
que paíñan tornar a fame  
fuxen lixeiros.  
E tamén as sorrisas  
das ríspacinas,  
que si merican na rula  
voltan axiña.

VI  
Como na herba do Prado  
vexo as froliñas sofrir  
cando as pisan sin coidado  
e ríbean por vivir.  
¡Mirái, mirái como chorá  
a Barra si os homes van  
paíñan lonxe en busca da morte  
as noites de tempestá.



A Polifónica de Foz, na celebración do seu primeiro cuarto de século, homenaxeou a Olimpia adaptando para coro e estreando o Alalá do Masma.



Olimpita  
de Foz  
cumple 100 AÑOS

# 8 PALABRA DE OLIMPIA

A revista EL BUZÓN, do Colexio El Pilar, de Foz, publicou, no curso 1993-1994, a entrevista que as alumnas Begoña Fernández e Sandra Varela realizaron a Olimpia, da que reproducimos as respostas más expresivas:



¿Cómo surgió esta afición? – Comenzó cuando Melva Diéguez (una estimada amiga) falleció en Las Bermudas. En vez de dar un pésame me salió una poesía de dolor.

¿Qué tipo de poesía le gusta?

– La que refleja verdad. Que el poeta sienta, sin adornos, libertad y amor al prójimo. Me gustan los clásicos; el que hace ver el alma con la expresión.

¿Cuándo siente inspiración?

– Al ver una injusticia. Cuando algo me duele, siento la inspiración. Tanto en la injusticia social como en la hipocresía.

¿Cómo es el mundo de Olimpia?

– Dios me dotó de un mundo que llevo dentro. Siempre viví en soledad estando en compañía.

¿Qué le inspira el mar?

– Algo sin fronteras, infinito, grandioso. Estoy convencida de que todos somos mar. No me importaría que el mar fuese mi tumba.

¿Y la vida marinera?

– El gran entendimiento que comparten los marineros en una misma nave. Su convivencia. Un respeto profundo, un amor profundo, una lealtad rotunda. Toda clase de valores de convivencia humana y respeto profundo.

¿Qué siente ante una puesta de sol sobre el mar?

– [Se queda pensando...] Un día más que se esconde, y que hay que pensar en dejar una huella. Me inspira Dios, belleza, profundidad absoluta. Aquella puesta que veo es irrepetible.

¿Por qué siente Olimpia un gran amor?

– Por la convivencia, la paz y alegría de vivir en paz entre todo el mundo.

¿Qué cambiaría en este mundo?

– La prisa, otra filosofía que nos permitiera un vivir diferente. Más tiempo para pensar, reír, llorar y hacer el bien.

Gracias, Olimpia, por habernos concedido esta entrevista, y estamos seguras que Foz está agradecido por este cariño con que tú lo mimas...



**EGERIA**



Concello  
de Foz

# 9º O TURISMO, AS VIAJES



O turismo foi profesión e devoción, e nun e noutrº campo aplicouse con entusiasmo. Henrique Alvaréllos dixo en "Mulleres destacadas de Galicia" que Olimpia ten viaxado por medio mundo. Das súas impresións, que vai recollendo en apuntes, podíase publicar máis dun libro.

No traballo municipal gañou miles de amigos polo trato aos administrados, especialmente aos más humildes. Amigos foron os compañeiros (Julio Rei ou Juan Ariés), alcaldes (J. M. Beltrán e Francisco Martínez), ou escritores e artistas como César Michelena, Prádos Ledesma, Dionisio Gamallo, Francisco Mayán, Jorge Rivas, Ignacio Rived, Félix Canourá e Francisco Delgado Soriano, así como Mariano Turiel (Presidente do Casino de Madrid) e o xornalista Mariano Roldán.

## Poema a Gamallo

### Viajar

Viajar es mi aventura fascinante  
aunque de puntillas vea el universo.  
Si rompo la rutina, fluye el verso  
más denso, profundo y rutilante.

Viajar es mi antorcha de ilusión  
que se expande con fulgor gigante,  
cuando flota en el mar es brisa eriante (21)  
y en mi casa de Foz se hace canción.

Quisiera con cabal exactitud  
describir lo mejor que el mundo encierra  
pero casi siempre vuelvo defraudada.

No genera este siglo rectitud  
destruida su armonía por la guerra  
y ecológicamente degradada.

### A la memoria de Dionisio Gamallo Fierros

Transparente y genial fue tu destino  
entregado de lleno a la cultura,  
generoso y cordial, con gracia pura,  
derrochando armonía en tu camino.

De la Enseñanza fuiste peregrino  
por jamar a Ribadeo con tal mesura...,  
quedando agigantada tu figura  
en la mágica estela de tu signo.  
Yo admiré tu especial Sinceridad  
y me hiciste vibrar de simpatía  
por mi auténtica sed a la Verdad.  
Te irritaban los falsos eufemismos  
y tenaz tras lo bello y lo perfecto  
fuiste un Hombre de Bien, sin espejismos.


Olimpia Pérez Gómez. Foz



### Pases de Frontera

Autorizaciones de salida de España recibidas en el día de hoy:  
Señores Don:

Manuel Toruron Mantilla; Antonio López López; María López Tumbelro; Bernardino Varela García; María del Pilar Val Savella; Joaquín San José Pollahne; Manuel Rodríguez López; Rosa Rodríguez Díaz; Demetrio Novoa Aceiro; Olimpia Pérez Gómez; Modesto Orosa Ladra; Baldomero Martínez Vázquez; Camilo Castro Martínez; Servando Iglesia Iglesia; María Jesús Fernández Fernández; Alfredo Arias Guedella; María Álvarez Gay; María Edelma López Sánchez.




O 6 de maio de 1956, EL PUEBLO GALLEGO publica, co título de PASES DE FRONTERA, relación de persoas autorizadas para saír de España. Entré elas, Olimpia Pérez Gómez. Similar autorización publica o mesmo diario o 08/10/1957 e El Progreso o 9 do mesmo mes.

El Pueblo Gallego, 06/05/1956

10

# HOMENAXES

Homenaxes rendeu e foronlle rendidas. E posta a homenaxear amores, hai que sinalar a Virxe e os mariñeiros. A Virxe, como patróna, e aos mariñeiros no 50º aniversario do naufráxio do "Jesús Nazareno".



## Foz y su patrona la Virgen del Carmen

Foz estalla de ardor puro y sincero  
venerando a su Virgen con fervor:  
es la antorcha del pueblo marinero,  
es la Fiesta del Carmen, y el amor  
le rendimos con brío placentero.


De los mariés es la reina Universal.  
De las gentes de Foz la imagen tierna  
y genuina mediadora celestial  
que nos sabe escuchar en la galerna  
sin negarnos su gracia maternal!

### No 50º aniversario do naufráxio

Doce pescadores curtidos, valientes  
volvian a casa, logrando su afán,  
trayendo el bonito y darlo a sus gentes  
tiernos y orgullosos de ganar su pan.  
Al sano contento, hecha la faena  
precedió el desastre muy cerca de Foz,  
volcando su lancha suspiró la arena  
velas, viento y olas apagó su voz.

...

Luctuosa historia del "Jesús Nazareno".  
Mujeres marcadas de intenso dolor.  
Familias tronchadas que, este pueblo bueno,  
hoy rinde homenaje con cálido amor.



## O Mundo da Galea rendeu homenaxe a Olimpia

"Por toda unha vida espallando cultura e  
ponendo contrapunto poético a multitud de  
acontecementos da bisbarra".

Foi nomeada "Dona de Isabel de Castro,  
da Orde do Mariscal Pardo de Cela".

Olimpia, como os demais homenaxeados –Manuel Lourenzo, Ángel Hermida e Eusebio Seivane– plantou un castaño co seu nome no Bosque do Mariscal. O Presidente de O Mundo da Galea, Juan Puchades, impúxolle a tradicional capa verde de terciopelo, a medalla, e entregou o título que a Olimpia reconece como Dona de Honra de Isabel de Castro. O acto rematou con palabrinhas de Olimpia, que agradeceu as distincións no nome de todos os galardoados.

# 11 NA MORTE DE CANTORA

Conta Xesús de Bréogán terlle escoitado a Olimpia, cando a morte da súa irmá, que había que entender que "a morte forma parte da propia vida".

No Asilo de Foz o 26/06/1958

A vida física, longa e frutífera, de Olimpia, rematou o 7 de maio de 2021, en terras de Narón, e a nova sacudiu a Foz e ás súas xentes pola ausencia só compensada pola vida permanente que respiraban, que teñen, os seus poemas. Olimpia segue viva entre



Mesmo cando falaba da morte (a proba témola no seu poema dedicado ao "Vello lobo de mar, Sr. Castiñeiras") respiraba vida:

Quero morir como viví sempre,  
sempre cantando!  
polas olas de FOZ acaneada  
e por estes eucálitos bicada  
onde as fóliñas dos campos dan leccións  
de beleza, humildade e fermosura.  
Quero morir, si!, con galanura,  
dicindo que de Foz son mariñeira  
e entre os homes do mar, falangueira  
aprendín as cousas más profundas  
que do mundo se poden aprender.  
Eu en paz e ledicia en Foz vivo  
porque sempre en Deus latxei e El comigo.  
E porque quero moito a Foz  
- ainda que lonxe voe -  
sempre volvo a renderlle a esta terra unha oración  
porque nela, espidiño o corazón.  
dinxo todo: xuventude,  
sangue, bágoas,  
e os meus soños. . .



**EGERIA**



Concello  
de Foz



- Como cumplidorá do Servicio Social, é convocada para prestar servizo no Comedor de Auxilio Social. (El Progreso, 27/06/1942)

- Na homenaxe á memoria do mestre, escritor e xornalista Ramón Salgado Toimil "leyó una sentida poesía alusiva al acto la poetisa lucense, señorita Olimpia Pérez" (El Progreso, 11/08/1959).

Ese mesmo día El Pueblo Gallego informa da participación de "Olimpia Pérez, poetisa de Foz".

- El Correo Gallego do 09/08/1961 saúda a chegada a Fene das señoritas "María Pérez Roda, de La Coruña, y Olimpia Pérez Gómez, inspirada poetisa de Foz (Lugo), que fueron huéspedes de los señores de Naveira".

- Nos actos do "Día do libro" celebrados na Biblioteca de Foz, interviu Olimpia falando de "El libro y la poesía". (El Progreso, 09/05/1962)

- Milo, corresponsal en Fene de El Correo Gallego, o 20/02/1963 menciona recibir de "nuestro consulado en Foz, que está en manos de Olimpia Pérez" novas da revista Amadís. E o 26 de marzo citaba "A Rapadoirá", onde Olimpia era a "Poetisa Mayor de su Redacción".

- El Correo Gallego (25/07/1965) saúda a chegada a Fene, de Foz, de Marina Pérez Domínguez e as súas sobriñas Juana Uriá e Olimpia Pérez.

- Para a calefacción do Asilo de Ancianos, na relación de donativos, Olimpia aparece aportando 121 pesetas. (El Progreso, 19/04/1969)

### Adeus, cantora

Gardián da súa memoria en Foz é Antón Niñe. A nai de Niñe e el mesmo foron moi amigos de Olimpia, e el foi quen facilitou a maior parte da información para esta exposición-homenaxe. (Artigo Antón Niñe)



### 6 epitafios para unha muller inmortal

Alvarellos: Os seus versos están cheos de beleza e expresión.

Suso Fernández: Icona cultural e musa focega da intelectualidade.

Paco Maldonado: Olimpia, mujer tierna y frágil, sensible y amable, una amiga.

Mariano Turiel: En aquel justo momento / de sentarnos a la mesa / Olimpia llegó causando / admiración y sorpresa.

Mariano Roldán: 4 cosas hay en Foz / que no las hay en Sevilla / la Rapadoirá, la Rula / Olimpita y la lluvia que no se quita.

Frán Cajoto, Alcalde: Foi unha referencia, unha muller adiantada ao seu tempo.

Olimpita  
de FOZ

cumple 100 AÑOS

